## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*EXTRACTO da Orde do 10 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os danos nas explotacións agrícolas e gandeiras, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.*

BDNS (Identif.): 407905.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán acollerse a estas axudas as persoas titulares de explotacións agrícolas e gandeiras, con exclusión dos organismos públicos.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 10 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os danos nas explotacións agrícolas e gandeiras, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

Cuarto. *Importe*

Para a concesión das subvencións convocadas destinarase un crédito de corenta e sete mil trescentos euros (47.300).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación de solicitudes é de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018

Belén Mª do Campo Piñeiro
Directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

CVE-DOG: dmhtqoi4-wdl4-ng99-qhr3-z327phtk91u9


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia